

Guías de uso – Número de sílabas, forma do texto

Número de sílabas

Consignamos o número de sílabas de cada verso ou hemistiquio, separando os **números por puntos** (a). A serie de números vai **entre parénteses** cando a cantidade de sílabas **non** é totalmente **regular** (cando atopamos leves pero frecuentes hipometrías ou hipermetrías nas distintas estrofas) (b). En cantigas con **formas compostas** (non nas formas de copla-refrán, pois o refrán se analiza á parte), as dúas estrofas que conforman a unidade textual-musical van separadas do signo + (c). De empregárense estrofas con **distintas métricas** nunha peza, estas van **separadas por comas** (d). Contamos as **sílabas baleiras** dos refráns internos –cando estenden o número de sílabas dun verso– de forma separada, tras do signo + (e):



O ferreiro vai fóra	7.
o ferreiro vai fóra	7.
e a muller tamén, <i>mira Pepa,</i>	7+4.
e a muller tamén.	7.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Exemplos

- a) 6.6.6.6.
8.8.
- b) (7.7.7.7.)
- c) 8.8.8.8.+6.6.6.6.
- d) (11.11.), 8.8.8.8.
- e) 7.7.7+4.7.

Forma do texto

Consignámola con **números arábigos**, separados por **espazos**, que representan o contido textual dos versos e se este é idéntico ou diferente dos outros. Asignámoslle ao verso I o número 1; o seguinte verso asignámoslle o número 2, se é diferente, ou o número 1, se é idéntico. Cando aparecen varias posibilidades nunha mesma peza, estas van separadas por comas (ex.: 1 1 2 3, 1 2 3 4). Para as sílabas baleiras emprégase o número **0**. Se estas non conforman un verso á parte, o número únese ao verso por un trazo (p. ex.: **2-0**):

O ferreiro vai fóra	1
o ferreiro vai fóra	1
e a muller tamén, <i>mira Pepa,</i>	2-0
e a muller tamén.	2

(IgBa_0090_043 [audio http://apoi.museodopobo.gal/199](http://apoi.museodopobo.gal/199))

Unha das aplicacións principais da análise da forma do texto é determinar como se realiza en cada caso concreto a habitual repetición dos versos III e IV. Unha forma musical como A B |: C D :| pode realizarse no nivel literario de diversas maneiras:

coa repetición dos dous últimos versos: 1 2 3 4 3 4;

coa repetición do último verso: 1 2 3 4 4 4;

coa repetición do último verso e sílabas baleiras (p. ex.: *ai la le lo*): 1 2 3 4 4 0;

con dous versos en sílabas baleiras: 1 2 3 4 0 0; ou outras posibilidades.